



**Tarefa final: redacción de dous elementos publicitarios
proponendo solucións a problemas e a realización dunha
presentación sobre estes**

obxectivos

Formular queixas

Formular opinións sobre formas de actuar

Identificar e crear lemas publicitarios

Expoñer e xustificar ideas

Comparar ideas, argumentos e puntos de vista

1. Le estas cartas ao director dun xornal. A maioría delas reflicten queixas que escoitamos todos os días sobre a nosa vida cotiá:

Un bo camiño

Seguro que tampouco este ano se tomaron as medidas precisas na loita contra o lume. Para iso habería que arrincar case todas as especies pirófitas das que se promoveu plantación durante décadas, e sobre todo facer rendible o monte galego, para que haxa un interese real en mantelo limpo e que non arda, lonxe de tramas urbanísticas. Iso si, coido que se está iniciando un bo camiño que desgrazadamente é moi longo.

Óscar. www.l-v.es

¿Que foi da nosa cidade?

Que foi da nosa cidade, esa cidade das tardes de paseo e lecer, que agora polas noites se converte nunha cidade de chulos e macarras, onde semella que para tomar unhas copas e ligar un pouco no Orzán tes que ir ben preparado xa que che poden dar unha boa malleira, porque as bestas actúan en manda... ¡Beee!

Alba. A Coruña

Hostalería

Os hostaleiros de Galicia din que hai unha falla de persoal, que non chega e que hai que chamar xente de fóra, preferiblemente inmigrantes. E pola contra, moitos mozos galegos teñen que emigrar para traballar na hostalería noutras comunidades. Aquí algo falla: ou os camareiros galegos son moi exquisitos, cousa que dubido, ou os empresarios pagan moi mal.

Raquel Taboada. www.l-v.es

Fáltanos o sol

A oferta de lecer para o verán en Galicia é do mellor do mundo: praias, natureza, mariscos, monumentos, historia, cultura, etc. Mais fáltanos o sol... que pena teño, non deixa de chover.

Alba. www.l-v.es

Viaxar en bus

O transporte de viaxeiros por estrada en Galicia é lamentable. Os abusos [dalgũa empresa galega], lacerantes. As reclamacións, inservibles. ¿Onde están as autoridades? Seguro que non viaxan en bus.

Xiz. SMS

Agora que xa liches as cartas ao director, imos recoller os temas que lle preocupan á xente que escribe ao xornal:

	Óscar	Xiz	Alba (A Coruña)	Antonio Balsa	Alba	Raquel Taboada
Lume no monte						
Transporte público						
Emprego						
Clima						
A noite						

Tes as mesmas preocupacións que os que escriben ao periódico?

Escribe unha carta dunha lonxitude semellante a estas, comentando algunha das cousas que cres que se deben mellorar.

Cando a teñas lista, pásalla ao teu compañeiro, que a debe incorporar á táboa anterior. Incorpora ti o tema do que fale a carta que che tocou.

2. Agora imos propoñer unha solución a dous dos nove problemas expostos nas cartas.

Podes traballar coa túa parella.

Recorda que canto máis minuciosa sexa a solución proposta, mellor.

3. Logo de concretar a solución para o problema, expoñédelle ao resto da clase as accións necesarias para levala a cabo do xeito máis ordenado posible

Exemplo:

Para o problema de falta de sol que comenta Alba, propoñemos:

1. A instalación de lámpadas de raios UVA en todas as praias galegas.
2. Calefacción en todas as rúas das cidades.
3. Será obrigatorio o uso de camisas floreadas para todos e todas.

4. Normalmente, os que propoñen solucións para os problemas da sociedade son os partidos políticos. Aquí tes o nome de cinco partidos políticos imaxinarios:

- Fronte Tecnolóxica Radical.
- Unión da Preguiza.
- Partido da Saúde.
- Alianza pola Defensa Animal.
- Coalición Televisiva.

E, a continuación, podes ler algunhas das promesas e propostas destes partidos. Debes emparellar cada unha co seu partido:

A. Todo o coñecemento humano está na rede, así que propoñemos a supresión total dos libros, que se substituirán por ordenadores conectados a Internet.

B. No mundo hai riqueza abonda para non ter que traballar. Cunha redistribución adecuada, o calendario laboral pode cambiar para ter cinco meses de vacacións e o resto do ano traballar un día á semana.

C. Os humanos somos animais e debémoslles respecto aos nosos conxéneres. A única opción humana é o vexetarianismo.

D. Pasamos o día a atentar contra o noso corpo. Isto ten que rematar: propoñemos que o tabaco, o café e os embutidos teñan o mesmo tratamento e penalización que outras drogas nocivas.

E. No 99 por cento das casas galegas hai televisión, así que propoñemos que esta sexa a canle para toda a interacción social. As reunións, mitins, periódicos e libros non son máis que xeitos de perder o tempo, e propoñemos a súa abolición. Iso si, a tele terá un mínimo de 800 canles en aberto.

Agora debes pensar un lema electoral para un destes partidos. O resto da clase debe adiviñar a que partido corresponde. Recorda que un bo lema debe ser doado de recordar, divertido e difícil de confundir cos dos outros partidos.

5. Agora imos formar os nosos propios partidos. En grupos, elixide un dos cinco anteriores (ou outro que prefirades) e redactade un programa electoral de cinco puntos concretos.

6. Todos os partidos teñen material publicitario para convencer os votantes das vantaxes das súas propostas. De acordo co voso programa, preparade dous ou máis dos seguintes materiais publicitarios:

- Un cartel electoral.
- Un folleto explicativo.
- Unha campaña de SMS.
- Adhesivos, chapas, pins para levar na roupa.
- Lemas, cancións etc.

7. Unha vez que o teñades listo, cada grupo dispón de dez minutos para convencer o resto da clase das súas propostas. Este tempo pódese administrar do xeito que o grupo (que xa é un partido) pense que é mellor: distribuír material publicitario, mesas redondas, discusións, pegada de carteis etc., pero recordando que os últimos tres minutos, como mínimo, se deben reservar para o mitin final. Todos os membros do grupo deben intervir durante, como máximo, cinco minutos.

8. Chegou o momento de votar. Por quendas, ide metendo os vosos votos na urna que preparou o profesor.

Agora contaremos os votos. Quen gañou? Por canto?



Guía para o profesor

1. Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades do estudantado.
2. Os materiais complementarios do informe pódense entregar ou imprimir para uso común de todos os estudantes. Pódense incrementar con materiais reais impresos, proxecións ou calquera material dispoñible na aula.

3. Materiais para o cartafol:

- Ficha de control de autoavaliación.
- Materiais xerados do proceso das actividades 1 e 2. CV completo (tarefa final).

Parte dos documentos adxuntos son materiais reais que non foron manipulados, co fin de manter o seu formato. Nin o autor nin a Secretaría Xeral de Política Lingüística poden garantir a corrección informativa ou textual destes.

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?